

Con motivo do 25 de novembro, reunímonos para lembrar a todas aquelas mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero, para recoñecer os avances acadados e, sobre todo, para renovar o noso compromiso coa loita pola súa erradicación definitiva. Este compromiso non é só unha obriga moral senón tamén unha necesidade para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A violencia de xénero segue a ser unha lacra que afecta milleiros de mulleres no noso país. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia traballamos a diario para ofrecer apoio psicolóxico a estas vítimas, a través de programas como o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX) ou a Quenda de garda psicolóxica especializada en violencia de xénero, que representan un exemplo do compromiso profesional e humano que defendemos.

Hoxe celebramos e recoñecemos os avances conseguidos. A creación de programas específicos, o incremento da formación especializada e a visibilidade que por fin se lle está dando a esta problemática son froito da loita incansable de persoas, asociacións, profesionais e institucións que loitan cada día por unha sociedade libre de violencia. Todo isto grazas ao esforzo e presión dos movementos de mulleres e ao calado do feminismo. Unha mostra de que xuntas somos máis fortes.

Tampouco queremos esquecer a importancia de traballar a non violencia en todos os ámbitos da sociedade, incluíndo os homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia. Por isto, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tamén contamos cun programa, Abramos o Círculo, onde estes homes poden adquirir novos modos de comportamentos e de relacionarse, exentos de agresividade.

Pero, malia estes logros, sabemos que aínda queda moito por facer. Moitas mulleres atopan grandes dificultades para acceder aos recursos de apoio que precisan. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia esiximos que toda muller, independentemente de onde resida, teña acceso á atención psicolóxica e sanitaria que precisa no sistema público de saúde. Este é un dereito básico e fundamental que debe ser garantido sen excepción.

Para avanzar cara a unha sociedade libre de violencia de xénero, é necesario que atendamos con urxencia ás seguintes cuestións:

- Acceso universal á atención psicolóxica especializada: É esencial garantir que todas as mulleres, independentemente da súa localización xeográfica, poidan acceder aos recursos e apoios psicolóxicos necesarios para a súa recuperación emocional e psicolóxica. Só o sistema público de saúde pode asegurar esta atención, polo tanto urxe a incorporación da atención psicolóxica na atención primaria, de forma equitativa e de maneira que se poida estender o tempo que sexa preciso para lograr a recuperación.
- Formación e sensibilización continua: Tanto para profesionais da saúde como para as forzas de seguridade e servizos sociais, a formación en violencia de xénero é fundamental. Necesitamos equipos que poidan responder con empatía e eficacia ás necesidades das vítimas, eliminando calquera posibilidade de revitimización.
- Compromiso de recursos económicos e profesionais estables e suficientes: A loita contra a violencia de xénero non pode depender de fondos puntuais. Precísanse orzamentos públicos sólidos e estables que permitan desenvolver políticas preventivas e de atención integral ás vítimas.
- Maior coordinación e coñecemento dos recursos existentes: Os programas e teléfonos de atención deben saber a onde derivar ás mulleres. Non podemos permitir que as vítimas non reciban a atención que precisan por non chegar ao servizo que lles corresponde.

- Prevención e educación dende a infancia: Debemos educar en valores de igualdade e respecto, promovendo modelos de relación baseados no consentimento e na igualdade. A educación é a ferramenta máis poderosa para crear unha sociedade libre de violencia.

O noso desexo máis profundo é acadar unha sociedade onde todas as mulleres poidan vivir libres e sen medo. Para que iso sexa posible, necesitamos a implicación de toda a sociedade, de cada institución, de cada persoa. A eliminación da violencia de xénero é responsabilidade de todos e todas, e non podemos permitirnos avanzar sen unha atención integral para as vítimas.

Este 25 de novembro, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, chamamos a todas as institucións a renovar o seu compromiso coa erradicación da violencia de xénero e a traballar con determinación e constancia para garantir que todas as mulleres, sen excepción, reciban a protección e o apoio que merecen. A nosa loita non rematará ata que logremos unha sociedade onde ningunha muller sexa vítima de violencia.

Que este día nos lembre que temos un longo camiño por diante, pero que, con cada paso que damos, avanzamos cara a un futuro máis xusto e igualitario. Un futuro no que a violencia contra as mulleres sexa só un recordo do pasado.